

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER o expediente tramitado de contratación administrativa do “SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DE PAPEL-CARTÓN DO CONCELLO DE OROSO” (Exp. contratación 2011/010).

E DE VER o certificado de presentación de ofertas e a actas da mesa de contratación nº 1 DO 18/04/2011 respectivamente, pola que se admite á licitación as empresas: COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. (COREGAL)

E DE VER a acta nº 2 da mesa de contratación de data 28/04/2011 cas seguintes puntuacións ofertas presentadas por COREGAL: Oferta Técnica 50 puntos e Oferta económica: 48,58

E DE VER que a acta nº 2 se propón adxudicar o contrato do “SERVIZO DE RECOLLIDA DE PAPEL-CARTÓN NO CONCELLO DE OROSO” á empresa “COGAMI RECICLADOS DE GALICIA S.L (COREGAL)” por ser o licitador cuxa proposición foi máis ventaxosa de entre os licitadores admitidos á convocatoria mediante a aplicación dos criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas que rexe o contrato e anexo ao prego aprobado por Resolución de Alcaldía de data 09/03/2011.

E DE VER que a empresa “COGAMI RECICLADOS DE GALICIA S.L (COREGAL)” presentou correctamente a documentación requirida consonte ao artigo 135.2 da Lei 30/2007, de contratos do Sector Público adaptada á lei 34/2010

De conformidade co establecido no artigo 135 da Lei de Contratos do Sector Público adaptada á lei 34/2010, e no uso das facultades que me confire ao artigo 185.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, con esta data **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicarlle o contrato do “SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DE PAPEL-CARTÓN DO CONCELLO DE OROSO” á empresa “COGAMI RECICLADOS DE GALICIA S.L (COREGAL)” por ser o licitador que obtivo a maior puntuación e resultar a proposición máis ventaxosa de entre os licitadores admitidos á convocatoria mediante a aplicación dos criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas que rexe o contrato e anexo ao prego aprobado por Resolución de Alcaldía de data 09/03/2011, polo prezo de:

Servizo de recollida e transporte de 0.14 euros/quilo mais euros de 0,0112 euros/quilo de IVE

Compra de papel cartón: -30% sobre o prezo medio trimestral vixente en cada momento Calidade 1.01 (Norma UNE-EN 643)

Segundo.- Comprometer o gasto por importe 9.072 euros con cargo á partida 163.227.00 do vixente orzamento municipal:

Terceiro.- Proceder á publicación deste acordo no perfil do contratante e notificarlles o presente acordo aos demais licitadores e ao adxudicatario para proceder á formalización do contrato no prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación desta Resolución, así como aos demais licitadores coa indicación dos recursos que procedan.

Oroso, 31 de maio de 2011

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira



Ante min, secretario

Dalmiro Núñez Méndez

